

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 12 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1 48493 (10/POC-007698)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo, a súa opinión referida á sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermaría e as medidas previstas para diminuír a conflictividade laboral no centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019
- 2 52389 (10/POC-008109)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as razóns do Goberno galego para trasladar o xerente da área sanitaria de Vigo á Xerencia da área sanitaria de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019
- 3 52431 (10/POC-008115)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración e as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co aumento das denuncias referidas ás condicións laborais do persoal dos centros de atención directa dependentes dela, así como a demanda de creación de novos centros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019
- 4 52848 (10/POC-008207)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a posta en funcionamento dun punto de atención continuada en horario de tarde no Centro de Saúde de Rianxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019
- 5 52874 (10/POC-008212)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego tendentes a establecer un sistema estable de financiamento nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019
- 6 53031 (10/POC-008252)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver na mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 518, do 06.08.2019

- 7 53826 (10/POC-008475)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre as previsións respecto da implementación dun plan de formación para o persoal dos centros de información ás mulleres
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 8 53843 (10/POC-008482)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non reivindicou ante o Goberno de España un maior número de prazas MIR nas convocatorias 2012 a 2018 nin aumentou a oferta de prazas de pediatría, a valoración do volume e distribución destas, así como a existencia dunha planificación para os vindeiros anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 9 54100 (10/POC-008538)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a situación do persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	GCE
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 48493(10/POC-007698)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo, a súa opinión referida á sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermaría e as medidas previstas para diminuír a conflitividade laboral no centro

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 11:19:22
Nº Rexistro: 48493
Data envío: 02/04/2019 11:19:22.540

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 por cento dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 por cento dese ano ao 16,4 por cento do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Complexo Residencial de Persoas Dependentes (CRAPD), situado en Vigo, está formado por centros de xestión propia da Xunta de Galicia que contan con 454 prazas para persoas dependentes. Dende o Grupo Parlamentario Socialista tivemos coñecemento de que ademais dos problemas de sobrecarga de traballo do persoal que traballa neste centro (unha problemática xeneralizada en todos os centros que dependen da Consellería de Política Social), e a non cobertura das baixas e vacacións do persoal, da existencia dunha elevada conflictividade laboral, e falla de diálogo entre a representación legal das traballadoras e traballadores coa dirección. De feito, recentemente abriuse expediente disciplinario e proposta de sanción disciplinaria a catro auxiliares de enfermaría traballadoras deste centro, segundo a dirección polo non acompañamento dun residente dende o terceiro andar ao primeiro. Por ditos feitos motivados, tal e como denunciou o propio comité de empresa, pola comunicación ás traballadoras de ordes contraditorias dende diferentes departamentos, se lles impón unha sanción de

CSX-eQaV/15ng8
Ver código QR
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 11:19:22
Nº Rexistro: 48493
Data envío: 02/04/2019 11:19:22.540

suspensión de emprego e soldo durante dez días, e a expulsión das listas de contratación por ese período.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo (CRAPD)?
2. Considera o Goberno galego que a sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermaría deste centro, por supostamente non baixar a un residente a outro andar, é proporcionada?
3. Ten previsto tomar medidas para reducir a conflictividade laboral no CRAPD Vigo?
4. En caso afirmativo, que medidas vai poñer en marcha?
5. No CRAPD de Vigo, estanse a cubrir o 100 por cento dos días de permiso, vacacións, e IT do persoal?
6. Considera a Xunta de Galicia que o persoal do centro sofre sobrecarga de traballo?
7. Ten previsto o Goberno galego, durante a X lexislatura, incrementar os gastos de funcionamento e de persoal das residencias públicas de maiores da nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019


Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Abel Losada Álvarez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/04/2019 11:17:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/04/2019 11:17:11

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 11:19:22
Nº Registro: 48493
Data envío: 02/04/2019 11:19:22.540

Julio Torrado Quintela na data 02/04/2019 11:17:16

CSV: c3aV15mg8
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 52389(10/POC-008109)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para trasladar o xerente da área sanitaria de Vigo á Xerencia da área sanitaria de Ourense

Publicación da iniciativa, 509, 22.07.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª**.

Tras as fortes presións exercidas tanto dende a sociedade como dende os profesionais do Sergas principalmente da área sanitaria de Vigo, finalmente o Goberno decidiu mover ao xerente imputado Félix Ruibal, que mantivo unha deficiente xestión, non xa polo caso da imputación por presunto homicidio no subministro dos medicamentos da hepatite C, si non por toda a xestión dun área sanitaria que está a cabeza en canto a privatizacións, precariedade e listas de espera.

Con todo, lonxe de apartar da xestión sanitaria a esta persoa, a Consellería de Sanidade premia a súa incapacidade trasladándoo como xerente para Ourense, unha área sanitaria que se caracteriza nos últimos anos por ter que aguantar malas xerencias como a de Eloina Núñez, prima do actual presidente da Xunta.

Argumenta o Sergas, que o cambio prodúcese para adaptar a dirección das dúas EOXIS aos obxectivos de completar a integración da Atención Primaria e Hospitalaria, así como a implantación do Plan Galego de Atención Primaria. Unha afirmación que sorprende tendo en conta que a xestión de deste xerente provocou a dimisión en bloque de 25 xefes de servizo de Atención Primaria na área de Vigo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 13:59:48
Nº Registro: 52389
Data envío: 09/07/2019 13:59:48.898



- Cal é o motivo polo que o Goberno premia a xestión deste xerente cando a súa incapacidade foi posta en evidencia?
- Que explicacións ten o Goberno para non ter cesado a esta persoa no momento no que foi imputado por presunto homicidio no caso dos medicamentos da Hepatite C?
- Considera o Goberno que é boa a súa xestión, tendo en conta que a área sanitaria de Vigo é a que adoce de máis precariedade, privatizacións e listas de espera?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/07/2019 13:33:59

CSX REGISTRO: 52389
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 52431(10/POC-008115)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración e as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co aumento das denuncias referidas ás condicións laborais do persoal dos centros de atención directa dependentes dela, así como a demanda de creación de novos centros

Publicación da iniciativa, 509, 22.07.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52431
Data envío: 09/07/2019 19:30:22.548



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

As denuncias sobre saturación, sobreexforzo, estrés e falta de descanso do persoal dependente da consellería de política social que traballa nos centros de atención directa, tales como as residencias de maiores ou os Centros de Atención a Persoas Dependentes, están aumentando de xeito alarmante.

A Consellería de Política Social concentra un dos índices mais elevados de accidentes laborais, sendo a metade destes, por motivos que teñen que ver cunha sobrecarga de traballo pola falta de persoal. As ratios oficiais non teñen en conta as peculiaridades na atención que presenta as persoas residentes destes centros, polo que non se axuntan ao persoal necesario nos mesmos.

En residencias grandes, como pode ser por exemplo a de Oleiros, nas quendas de noite unicamente contan en cada unidade cunha auxiliar e unha enfermeira para atender aos 44 pacientes da unidade, os cales atópanse nunha ampla maioría, cun grado elevado de dependencia. Durante o día, a situación tampouco mellora pasando a ser 5 as auxiliares de enfermería que de 8 a 10 da mañá deben asear, vestir e dar de comer á maioría das persoas residentes da súa unidade.

Neste sentido, tamén chama a atención a falta de persoal en fisioterapia ou terapia ocupacional, profesionais moi necesarias que non só mellorarían a calidade de vida das persoas usuarias dos centros si non que tamén facilitarían o traballo do resto das profesionais.

CSM-REXISTROGAL-06-PC06
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





Todas estas circunstancias, deben unirse co aumento da demanda de persoas que necesitan da asistencia nes centros, os cales contan cunha ocupación do 100% e importantes listas de espera.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Que valoración fai a Consellería de Política Social das denuncias sobre saturación, sobreesforzo, estrés e falta de descanso do persoal que traballa nos centros de atención directa da Consellería?
- Ten pensado a Consellería restaurar a aplicación do artigo 19 do V Convenio?
- Comprométese a Consellería a cubrir todas as baixas médicas e vacacións para evitar a falla de persoal e a sobrecarga de traballo nos centros?
- Ten pensado a Consellería executar os procesos pendentes de consolidación?
- Vai a Consellería atender a demanda que existen en relación á creación de centros públicos, dotando estes e os que existen de persoal suficiente?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52431
Data envío: 09/07/2019 19:30:22.548



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/07/2019 19:28:13

CSX, REGISTRO Java/PC6
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 52848(10/POC-008207)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a posta en funcionamento dun punto de atención
continuada en horario de tarde no Centro de Saúde de Rianxo

Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 5ª**

O Centro de Saúde de Rianxo, inaugurado no ano 2006, ten consultas médicas polas tardes, das cales se fan cargo dous equipos.

Dende hai meses, profesionais do centro e veciñanza concéntranse ás portas do edificio para reclamar máis persoal de tarde, ou ben que se abra un PAC polas tardes no centro.

A razón é que os cupos de medicina familiar de tarde están saturados (en torno aos 40-45 cada tarde) e a eles hai que engadir as urxencias que soen xurdir, producíndose, en moitas ocasións, unha saturación do centro, pois cando hai un tráfico ou un infarto un dos equipos médicos xa queda deshabilitado, pois ten que acudir a domicilio ou acompañar á ambulancia ata Santiago. Deste xeito, pacientes con cita deben agardar, pedir para outro día ou ser atendidas nun oco do outro profesional que queda.

Asemade, no mes de agosto, por non cubrir na totalidade as vacacións do persoal, queda un só posto de medicina familiar de 19 a 22 horas.

Esta situación motiva que profesionais médicos soliciten o traslado a outros centros.

Rianxo tiña en 2018 unha poboación de 11.104 habitantes, aos que se lle suman visitantes nos meses de verán.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 11:17:05
Nº Rexistro: 52848
Data envío: 22/07/2019 11:17:05.879

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta:

- Coñece a Xunta as reivindicacións do persoal e veciñanza de Rianxo en relación ao Centro de Saúde de dito Concello?
- Que vai facer a Xunta para resolver a saturación do Centro de Saúde de Rianxo polas tardes?
- Vai a Xunta aumentar o persoal do Centro de Saúde de Rianxo?
- Ten previsto a Xunta habilitar un PAC de tarde no Centro de Saúde de Rianxo?
- Vai a Xunta dirixirse ao persoal do Centro de Saúde de Rianxo para coñecer as súas necesidades?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Veroa

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 22/07/2019 11:15:22

CSX: REXISTROTXIPpcawX6
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 52874(10/POC-008212)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego tendentes a establecer un sistema estable de financiamento nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios

Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envío: 23/07/2019 10:37:57.394

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á información sobre o cobro de “honorarios” de investigadores públicos pagados por farmacéuticas.

O pasado martes 16 de xullo un medio de comunicación facía pública unha información co título “Investigadores de centros públicos cobran ‘honorarios’ das farmacéuticas cuxas vacinas promocionan”. Afirmar a nova do xornal que o pediatra Federico Martinón Torres, cobrou miles de euros de farmacéuticas cuxas vacinas para a meninxite promocionaban, no medio do proceso polo que o Ministerio de Sanidade debatía a incorporación ao calendario oficial, e ao tempo que a Axencia Española do Medicamento permitiu a súa comercialización en farmacias.

A Axencia do Medicamento tomou a decisión de converter Bexsero de GSK en produto de acceso en farmacias, do mesmo xeito a tetravalente de Pfizer. No 2019 as dúas vacinas pasaron ao calendario oficial a partir dos 12 anos e polo tanto implica financiamento público e miles de vendas.

Informan que o pediatra Martinón Torres ingresou 71.800 euros de Pfizer, 24.500 de GSK, 29.474 de MSD e 23.231 de Sanofi.

Federico Martinón Torres coordina o grupo de Xenética, Vacinas e Pediatría do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, IDIS, é Xefe de Servizo de Pediatría

CSM-REXISTRO TIGNUZMLV9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envío: 23/07/2019 10:37:57.394

do CHUS, coordinador de **Regalip, Rede Galega de Investigación Pediátrica**, que realiza ensaios clínicos entre outras cuestións sobre vacinas en nen@s galeg@s, ao tempo que ten moita participación en xornadas de formación para enfermería e pediatras sobre vacinas, financiados por empresas farmacéuticas (**Sanofi, MSD, Pfizer, Glaxo**).

Esta información dáse nun contexto no que o Partido Popular foi dando pasos para ceder o I+D+i do Servizo Galego de Saúde ao ámbito privado, de xeito que tanto as industrias sanitarias como a farmacéuticas privadas sexan as principais fontes de financiamento das actividades e instalacións, e polo tanto teñan o control de organismos estratéxicos como ACIS, Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos.

Deste xeito ceden ás empresas privadas a formación d@s profesionais da sanidade, d@s directiv@s, o control da investigación e da avaliación das tecnoloxías, a investigación, as doazóns de sangue, coordinación de transplantes... Control por laboratorios farmacéuticos e multinacionais da tecnoloxía e da sanidade privada que orientan os contidos ás súas áreas de negocio.

É unha evidencia que a Consellaría de Sanidade e o PP crearon a ACIS, axencia galega do coñecemento en saúde, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos, para dar cabida á “colaboración público privada” e transferir o coñecemento do sector público á empresa privada.

As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición.

CSX4 REXISTRO FROTIGNIZMLV9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envío: 23/07/2019 10:37:57.394

O Consello de Contas a este respecto estableceu no informe de fiscalización que “deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento sobre o que asentar a formulación de orzamentos realistas que deben ser acompañadas de medidas rigorosas para o seu cumprimento” e que “debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, ao fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais – o balance de situación e a conta do resultado económico patrimonial – de acordo coas esixencias do referido Plan”.

As fundacións de investigación sanitaria deben ser consideradas como entidades do sector público autonómico e polo tanto a actividade que realizan estar suxeita ás directrices de carácter xeral emanadas pola organización pública.

Parece evidente que esta situación debe ser obxecto de explicación e aclaración por parte d@s responsábeis da Consellaría de Sanidade, xa que todo apunta, como mínimo, a fortes conflitos de intereses.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre a información do cobro de “honorarios” por valor de miles de euros da industria farmacéutica deste profesional con tantas responsabilidades na sanidade pública galega?

Non considera que, como mínimo, estamos diante dunha situación de conflito de intereses?

CSX REXISTRO TIGMZMLV9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envío: 23/07/2019 10:37:57.394

Podemos ter a garantía de que as decisións e recomendacións que realizan son en base a evidencias científicas e non criterios de vantaxe económica?

Que accións vai realizar para clarificar esta situación?

Que medidas vai tomar para garantir que os intereses da sanidade pública galega non estean supeditados a intereses privados?

Vai realizar actuacións para establecer con claridade o carácter público das 3 fundacións hospitalarias de xestión dos institutos de investigación biomédica de Galiza, e a súa dependencia da Axencia Galega do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada a tal fin?

Vai establecer condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios?

Existe un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

CSV REXISTRO: gntzMLv9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envío: 23/07/2019 10:37:57.394

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/07/2019 10:28:57

Xosé Luis Bará Torres na data 23/07/2019 10:29:06

Noa Presas Bergantiños na data 23/07/2019 10:29:15

Olalla Rodil Fernández na data 23/07/2019 10:29:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/07/2019 10:29:44

Ana Pontón Mondelo na data 23/07/2019 10:29:56

CSV REXISTRO: gntzMLv9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 53031(10/POC-008252)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver na mellora do
Servizo Público de Emprego de Galicia

Publicación da iniciativa, 518, 06.08.2019

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos incidido durante as últimas lexislaturas en que unha das nosas principais preocupacións era a da mellora da situación económica. Nomeadamente, a evolución das cifras do emprego centrou moitos dos esforzos das administracións nos últimos anos, logo dunha crise que destruíu millóns de postos de traballo en toda España.

Logo de catro anos de crecemento económico e caída do desemprego de xeito practicamente ininterrompido, os populares consideramos como un dos obxectivos prioritarios que tanto os novos empregos como os contratos asinados con anterioridade sexan da maior calidade posible.

Neste sentido, cremos fundamental a labor do Servizo Público de Emprego de Galicia como mediador necesario entre as empresas e os traballadores que buscan un posto de traballo.

Cun mercado cambiante e cos novos desafíos que supón a mudanza do noso modelo produtivo en numerosos aspectos, é fundamental que os galegos conten cuns servizos de emprego áxiles, adaptados ás súas necesidades e, por tanto efectivos.

Consideramos que é un deber de todas as administracións cooperar na redución do desemprego e, na medida do posible, na mellora e modernización de todos os servizos públicos para conseguir que os cidadáns teñan o mellor acceso ao mercado laboral.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións se están a desenvolver na mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia?





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2019 12:53:35
Nº Rexistro: 53031
Data envío: 30/07/2019 12:53:35.920**

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/07/2019 12:09:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/07/2019 12:09:59

María Ángeles Garcia Míguez na data 30/07/2019 12:10:12

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/07/2019 12:10:22

Marta Rodriguez Arias na data 30/07/2019 12:10:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/07/2019 12:10:50

María Soraya Salorio Porral na data 30/07/2019 12:11:05

Raquel Arias Rodríguez na data 30/07/2019 12:11:15

Sandra Vázquez Dominguez na data 30/07/2019 12:11:32



CSV: REXISTROXERALPPJWqM6

Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 53826(10/POC-008475)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre as previsións respecto da implementación dun plan de formación para o persoal dos centros de información ás mulleres

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Aurelio Nuñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Os centros de información á muller (CIM) son recursos de titularidade municipal, son as entidades locais as que deciden ou non poñer en funcionamento este servizo no seu territorio.

A Xunta de Galicia, regula o funcionamento dos Centros de Información á Muller (CIM) a través do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, o procedemento para o recoñecemento e acreditación destes centros, o que os habilita para poder participar nas convocatorias de axudas que convoque o órgano competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia.

O decreto establece e recolle os requisitos materiais e funcionais que deben ter os Centros de Información á Muller para poder recibir financiamento da Comunidade Autónoma.

O Goberno ten un compromiso en materia de financiación dos centros de información inquestionable, a través das convocatorias anuais.

A súa finalidade é colaborar economicamente coas entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 12:18:51
Nº Rexistro: 53826
Data envío: 13/08/2019 12:18:51.732

mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou estean nalgunha situación de vulnerabilidade.

Por todo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Na colaboración que se mantén coas entidades locais titulares de Centros de Información ás Mulleres, está previsto un Plan de Formación para as profesionais de ditos Centros?

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 13/08/2019 12:15:16

Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 12:15:28

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/08/2019 12:16:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/08/2019 12:16:36

Marta Rodríguez Arias na data 13/08/2019 12:16:54

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/08/2019 12:17:09

María Soraya Salorio Porral na data 13/08/2019 12:17:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/08/2019 12:17:49



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 53843(10/POC-008482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non reivindicou ante o Goberno de España un maior número de prazas MIR nas convocatorias 2012 a 2018 nin aumentou a oferta de prazas de pediatría, a valoración do volume e distribución destas, así como a existencia dunha planificación para os vindeiros anos

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación laboral do sistema sanitario de Galicia evidencia problemas de gravidade na actualidade, froito das políticas de Recursos Humanos desenvolvidas polas Xunta de Galicia e o Goberno de España nos últimos anos. Como consecuencia dunha liña estratéxica de recortes o escenario actual atópase cun déficit numérico de profesionais que, sumado á eventualidade e precariedade en que os profesionais sanitarios se atopan en moitos casos, dificulta a calidade asistencial que se ofrece á cidadanía porque impide que os profesionais poidan desenvolver o seu traballo en condicións óptimas.

Dentro das distintas ferramentas de planificación da política de Recursos Humanos do Sergas, unha moi relevante está no proceso formativo e, en nomeadamente, no proceso das especialidades Médico Interno Residente (MIR), Enfermeiro Interno Residente (EIR), Psicólogo Interno Residente (PIR), Farmacéutico Interno Residente (FIR)...

Neste senso, o Goberno da Xunta de Galicia ten sido pouco esixente co Goberno de España no prazo 2012-2018, aproveitando o cambio de Goberno de España para acelerar demandas e reivindicacións que non foran feitas con anterioridade.

A realidade indica que o número de prazas ofertadas en Galicia para as diversas especialidades en ciencias da saúde, aparte das específicas de medicina familiar e comunitaria, non variou dende 2012 (230) a 2018 (231), a pesares de incrementarse o número de prazas acreditadas. Estas acreditacións tamén son obxecto de discusión, pois o eido da atención primaria, condicionada polo número de facultativos/as de medicina familiar e comunitaria, ofrece datos sorprendentes como a redución de número de acreditacións en Galicia dende 2012 (117) a 2018 (110). Non sendo suficiente, e a pesares do coñecido e notorio problema da recorrente falta de profesionais facultativos de Atención Primaria no sistema galego, non foron convocadas neste tempo todas as prazas acreditadas, o que supuxo unha merma na capacidade de producir especialistas que contribúan a afrontar a situación do sistema a pesares de que practicamente todos os anos as vacantes desta especialidade foi cero. As prazas de pediatría víronse afectadas





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 13:23:44
Nº Rexistro: 53843
Data envío: 13/08/2019 13:23:44.276

tamén esta parálise, pois a oferta de prazas non variou nos últimos anos das 20 vacantes ofrecidas.

Na convocatoria 2019 produciuse un aumento de en torno a un 5 por cento nas prazas MIR de toda España, véndose Galicia tamén afectada por ese aumento. Particularmente, para Galicia foron aumentadas as prazas para medicina familiar e comunitaria, sumando esforzos nas medidas para mellorar as posibilidades de reforzar o futuro dos cadros de persoal do sistema público. Esta nova convocatoria amosa o compromiso do actual Goberno de España, que evidencia un cambio nas políticas de recursos humanos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia non reivindicou un maior número de prazas MIR nas convocatorias 2012 a 2018 cando puido ante o Goberno de España?
2. Considera a Xunta de Galicia que o volume e distribución de prazas MIR ofertadas en Galicia foron correctas na franxa 2012-2018?
3. Por que a Xunta de Galicia non aumentou a oferta de prazas MIR de pediatría en Galicia nos últimos anos?
4. Ten a Xunta de Galicia unha planificación estimada e programada para o programa MIR nos vindeiros anos? Cal é?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/08/2019 13:13:05

Noela Blanco Rodríguez na data 13/08/2019 13:13:17



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.9 54100(10/POC-008538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a situación do persoal traballador da cociña do
Complejo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:32:37
Nº Rexistro: 54100
Data envío: 23/08/2019 13:32:37.031

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á nova cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e á necesidade do mantemento e incremento do persoal.

O Complexo Hospitalario de Ourense viña contando cun servizo de cociña no que as e os traballadores do servizo preparaban a comida para dar servizo ás necesidades da instalación hospitalaria. Finalmente, despois de anos de atraso e de escurantismo da Xunta de Galiza, entrará en funcionamento unha nova instalación para o servizo de cociña no novo edificio do Complexo.

Porén, tal e como advertía durante estes anos o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, todo parece indicar que detrás da posta en marcha do novo sistema mixto existe unha clara intencionalidade de reducir postos de traballo.

Segundo puido saber o Bloque Nacionalista Galego a través das denuncias dos e das traballadoras e da Comisión de Centro do CHUO, en diversas reunións mantidas entre o órgano representativo dos traballadores e a Xerencia, esta última comunicou a intención de reducir, cando menos, en 10 o número de pinches de cociña respecto dos que actualmente traballan neste servizo. Así mesmo, constátase unha diferenza entre os postos que presuntamente recolle a planificación orzamentaria e os que realmente ten en activo a Xunta de Galiza.

CSM-REXISTROdeHc2w940
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:32:37
Nº Rexistro: 54100
Data envío: 23/08/2019 13:32:37.031

Chove sobre mollado nas problemáticas da cociña do CHUO, xa que hai que lembrar que durante estes últimos anos, tal e como denunciaba a Comisión de centro, organizacións sociais e políticas, a situación da cociña era extrema e isto mesmo motivou a actuación da propia inspección laboral como aconteceu en abril de 2018.

Durante case dous anos a situación de deterioro da actual cociña e a distancia entre os edificios novo e antigo engadiu novas dificultades ao desenvolvemento do traballo da cociña que van en detrimento das e dos traballadores e poden chegar a repercutir tamén nos e nas usuarias. Mesmamente o Bloque Nacionalista Galego denunciou esta situación no propio Parlamento Galego en reiteradas ocasións.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta situación de especial gravidade, pois non se pode permitir que unha nova instalación tan agardada e necesitada polos ourensáns e ourensás sexa unha desculpa para continuar desmantelando os servizos públicos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai rectificar a Xunta de Galiza respecto das súas intencións de reducir o persoal da cociña Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

Considera a Xunta que se pode facer máis traballo con menos persoal sen mermar a calidade do servizo?

Por que a Xunta de Galiza non cumpre a súa planificación de persoal reflectida na previsión orzamentaria?

CSX4:REXISTRO0aHK2kw040
Verificado
<https://seccda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:32:37
Nº Rexistro: 54100
Data envío: 23/08/2019 13:32:37.031

Porque a Xunta nega agora o afirmado polas xerencias nas reunións cos colectivos de traballadores?

Que responsabilidades vai asumir a Xunta de Galiza diante das deficiencias anteriormente demostradas no servizo de cociña da EOXI de Ourense, particularmente do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

Cales foron as razóns para desoír, a dirección do SERGAS e do CHUO, as demandas dos e das traballadoras durante estes anos?

En que prazos estará posta en marcha a nova cociña do novo edificio do CHUO?

Segue a considerar o goberno galego, que están garantidas as condicións de seguridade laboral en canto non se dá traslado a unha nova cociña?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSX4_RFXSTFR0aHK2kw040
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2019 13:32:37
Nº Registro: 54100
Data envío: 23/08/2019 13:32:37.031

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/08/2019 13:29:21

Xosé Luis Bará Torres na data 23/08/2019 13:29:28

María Montserrat Prado Cores na data 23/08/2019 13:29:33

Olalla Rodil Fernández na data 23/08/2019 13:29:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/08/2019 13:29:48

Ana Pontón Mondelo na data 23/08/2019 13:29:55

CSX: FEXYSTFR0aHKzkw040
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

